

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN A DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2018**

<b>Nº DE PROTOCOLO<sup>1</sup></b>	
------------------------------------	--

<b>1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>
VII Xornada Técnica Monográfica do sector Ovino-Caprino en Galicia.

<b>2.- TIPO DE ACTIVIDADE<sup>2</sup></b>
Xornada Técnica

<b>3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>
Unidade: INGACAL-CIAM
Enderezo: Estrada Betanzos-Santiago km7
C. Postal: 15318      Concello: Abegondo      Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: Manuel López Luaces
Cargo: Director do CIAM - xefe de servizo      Tfno.: 881 881 801      Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es

<b>4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>
Unidade: OAC de Lugo
Enderezo: Rúa Doutor Fleming, Baixo nº2.
C. Postal: 27002      Concello: Lugo      Provincia: Lugo
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: Xavier Bruña García
Cargo: Xefe Sección      Tfno.: 982 294 536      Correo_e: xbruna@xunta.gal

<b>5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (Que non sexan da Consellería do Medio Rural)</b>
Unidade ou entidade: OVICA
Enderezo: Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. (Avenida da Fábrica da Luz, s/n)
C. Postal: 27004      Concello: Lugo      Provincia: Lugo
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade: Rafael Tejeda Vázquez
Cargo: Secretario da Asociación Ovica      Tfno.: 687 778 013      Correo_e: ovica.galicia@gmail.com

<b>6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO<sup>3</sup></b>
Centro:
Enderezo:
C. Postal:      Concello:      Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da entidade:
Cargo:      Tfno.:      Correo_e:

<sup>1</sup> A encher polo Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatísticas e Publicacións

<sup>2</sup> Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

<sup>3</sup> Só no caso de campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

## 7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN:

Nesta nova edición da Xornada Monográfica anual do sector ovino e cabrún en Galicia englobada nunhas xornadas técnicas específicas, propóñense charlas de diferentes temáticas que afectan directamente aos produtores de ovino-cabrún:

### - “ Compromisos de Condicionalidade na PAC e actual estado para o novo período 2020-2025”.

A primeira parte da poñencia centrarase nos aspectos fundamentais que regulan os requisitos de cumprimento da Condicionalidade:

- Admisibilidade de pastos permanentes, pastos arbustivos e pastos sobre arboredo.
- Xestión de xurros, esterco e fertilización orgánica dentro do programa de fertilización da explotación: seguimento do Código de Boas Prácticas Agrarias.
- BCAM e liñas de contaminación por nitratos nos cauces fluviais e captacións de augas.
- Reglamentación de xestión e aplicación de xurros: novo Decreto que entrou en vigor durante este ano 2018.
- Almacenamento de pensos, forraxes, alimento para o gando e outros materiais como combustible, medicamentos, envases, plásticos e demais residuos que se xeneran no ámbito de traballo da propia granxa.

A Segunda parte da poñencia, centrarase na situación actual e perspectivas do sector en Galicia, dentro do ámbito nacional, europeo e mundial.

Axudas dispoñibles na actual Política Agraria Común para as producións de ovino e cabrún:

- Axudas do 1º pilar: pago base, pago verde e axudas acopladas á produción.
- Axudas do 2º pilar: agroambiente-clima, razas autóctonas, e agricultura e gandería ecolóxica.

A temática abordada nesta poñencia é técnica, pero abrangue todos os aspectos da produción agraria e gandeira (produción agraria sustentable, mantemento de pastos e prados permanentes, condicionalidade, ordenación do espazo coa compra de dereitos de superficie, etc.....) así como requerimentos para a solicitude de axudas vencelladas ao PDR (axudas á incorporación de mozos á actividade agraria, plans de mellora nas explotacións, medidas agroambientais, razas autóctonas, agricultura ecolóxica, etc...).

Por último se abordarán as novidades máis importantes deste ano con respecto a tramitación de solicitudes anteriores: como son a apertura do prazo para a cesión de dereitos de pago base, condicións de permanencia no réxime de pequenos agricultores, e a implantación da nova axuda de desenvolvemento rural de ZLN (zonas con limitacións naturais que ven de substituír á antiga indemnización compensatoria, etc...).

### - “ Seguros agrarios: Seguros combinados e seguros de responsabilidade civil”.

As cada vez máis extremas condicións ambientais provocadas por un cambio climático global están a mudar o xeito en que o/a agricultor/a e gandeiro/a ten que facer fronte a estas novas adversidades, ante os contínuos sucesos de fenómenos ambientais cada vez máis extremos (condicións de seca prolongadas, lumes, etc...)

Por este motivo e seguindo as pautas marcadas pola Consellería de Medio Rural, é preciso que os nosos/as produtores/as teñan un coñecemento das novas pólizas, coberturas, seguros combinados e seguros de responsabilidade civil que ofrecen as compañías aseguradoras como Agroseguro cunha ampla traxectoria e experiencia acumulada durante os últimos anos tanto a nivel de protección dos cultivos (millo, forraxeiras, etc...) como a nivel da protección animal (liña 415 de recollida de cadáveres de pequenos rumniantes e liña 404 de accidentes por ataque de fauna salvaxe aos rabaños ou por problemas de epizotemias como a lingua azul, intoxicacións alimentarias, etc...)

- “A importancia da selección dos machos reprodutores en ovino e cabrún”.

Unha parte moi importante na correcta xestión dunha granxa de ovino e/ou cabrún é a sanidade. Os coidados veterinarios constitúen un pilar fundamental sobre os que asentar a viabilidade dunha explotación de gandería extensiva deste tipo en Galicia. E dentro deste sector un aspecto moi descoidado de xeito tradicional foi a selección xenética dos machos para propiciar unha mellora produtiva do rabaño en base a parámetros tanto reprodutivos (prolificidade, características morfolóxicas, etc...) como produtivos (conformación, rendemento cárnico da canal, nivel e grao de engraxamento, etc...). Por estes motivos consideramos necesaria plantexar esta poñencia, onde os veterinarios da ADS-G ACIVO nos informarán do avance no recén implantado programa de selección de machos para a mellora xenética a nivel de toda Galicia, co propósito fundamental de reducir e minimizar os problemas sintomáticos derivados da recorrente consaguenidade nos rabaños de ovino e de cabrún, e propiciar deste xeito unhas mellores condicións de viabilidade a medio e longo prazo.

A xornada conta coa colaboración de OVICA (e a súa marca de garantía para o cordeiro e cabrito galegos “Pastores de Galicia”), VÉLARO S. COOP. GALEGA e a ADS-G ACIVO.



Foto do acto de clausura das VI Xornadas Monográficas celebradas en Castro Riberas de Lea – Castro de Rei, Lugo (Outubro de 2017) co Director de Industrias Agroalimentarias da Consellería de Medio Rural en Lugo.

## 8.- OBXECTIVOS

Transferir coñecementos teórico- prácticos a produtores de ovino e cabrún de Galicia, centrándose nas principais temáticas que vai a sufrir o sector, nesta época de adaptación aos cambios climáticos, da globalización nos mercados de venda de carne tralo Brexit de Reino Unido na Union Europea.

## 9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### 9.1.- Localización:

Aulas de formación do IBADER (Instituto de Biodiversidade do Campus Universitario de Lugo).

Universidade de Santiago de Compostela.

### 9.2.- Planificación da actividade (no seu caso, programa). No caso de campos de demostración ou de campos de ensaio descrición de todas as fases. (xuntar croquis e deseño das parcelas).

9:00 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA

D. Santiago Crecente Campo (Dr. Enxeñeiro Agrónomo responsable do INGACAL-CIAM Marco da Curra) e D. Diego Fernández González. Presidente de OVICA.

09:30 – 11:30 h. POÑENCIA I: “ Condicionabilidade na PAC e previsión para o período 2020 – 2025”.

D. Miguel Ángel Castro Castro. Enxeñeiro de Monte e técnico do FOGGA na Delegación de Lugo da Consellería de Medio Rural; D. Fernando López López. Xefe do FOGGA en Lugo. Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia e D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Director técnico de OVICA e profesor de Economía Aplicada da Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela).

11:30 – 12:30 h. POÑENCIA II: “Seguros agrarios: Seguros Combinados e seguros de Responsabilidade Civil”

D.ª Judit Sánchez Sánchez (Responsable do departamento de seguros agrarios de RGA na sede central en Madrid), Dna. Cristina Vázquez (Mediadora de Agroseguros na sede central da Caixa Rural Galega en Lugo) e D. Gerardo Pereira Yañéz (Mediador de seguros de responsabilidade civil). D. Orlando González Folgueira (Enxeñeiro Técnico Agrícola en OVICA)

12:30 – 14:30 h. POÑENCIA III: “ A importancia da selección de machos reprodutores en ovino e cabrún”.

D. Miguel Viña Vázquez – Doutor Veterinario pola Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela. (ADSG Acivo) e Dª Sandra Rodríguez Balboa (Enxeñeira de grao de Agrícolas e Agroalimentarias da Escola Politécnica Superior de Lugo). Universidade de Santiago de Compostela.

### 9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

- 1 Doutor Enxeñeiro Agrónomo – D. Santiago Crecente Campo (CIAM Ingacal).
- 1 Doutor Veterinario – D. Miguel Viña Vázquez (ADSG Acivo)
- 1 Enxeñeiro Agrónomo – D. Fernando López López (Fogga – Consellería de Medio Rural en Lugo).
- 1 Enxeñeiro de Montes – D. Miguel Angel Castro Castro (Fogga – Consellería de Medio Rural en Lugo)
- 1 Enxeñeiro Agrónomo - Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez (OVICA).
- 1 Enxeñeiro Técnico Agrícola – Orlando González Folgueira (OVICA).
- 1 Graduada Enxeñeira Agrícola e Agroalimentaria – Sandra Rodríguez Balboa (Vélaro S. Coop. Galega).

### 9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

Produtores de ovino-caprino en Galicia, rapaces e rapazas que desexan incorporarse á actividade gandeira e agricultores/ gandeiros que están en activo.

## 10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

### Reunións:

Envío de comunicación por correo postal aos socios de Ovica, Vélaro S. Coop. Galega e ADS-G Acivo e as oficinas de Extensión Agraria (OACs) de toda Galicia, dado o ámbito de traballo das Asociacións implicadas na actividade formativa das Xornadas Técnicas.

### Visitas:

Comunicación en persoa aos socios nas visitas dos técnicos ás explotacións previas ás Xornadas.

### Publicacións:

Difusión mediática informativa das Xornadas Técnicas mediante carteis informativos e dípticos nos edificios administrativos (Universidade, Centros de Capacitación Agraria, Centros de Formación Profesional, etc...).

### Artigos de prensa:

Comunicación á prensa escrita (O Progreso, La Voz de Galicia) da realización das xornadas e dos resultados máis interesantes e aos diarios electrónicos (Campo Galego).

### Programas de TV e/ou Radio:

Comunicación aos medios de comunicación televisivos (TVG: O Agro e A Labranza), e radiofónicos (Radio Galega e Radio Voz).

<b>11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES</b>
<b>11.1.- Data de realización</b> (aproximada): <b>OUTUBRO</b>
<b>11.2.- Duración da actividade:</b> <b>Horas teóricas: 5</b> <b>Horas prácticas:0</b>
<b>11.3.- Iniciativas de cooperación</b> (nome dos colaboradores): <ul style="list-style-type: none"><li>- <b>Explotacións: Non se realizan visitas.</b></li><li>- <b>Empresas:</b> Vélaro Sociedade Cooperativa Galega (Cooperativa)</li><li>- <b>Entidades Asociativas:</b> OVICA (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia), Agrupación de Defensa Sanitaria ADS-G Acivo.</li></ul>
<b>11.4.- Lugar de desenvolvemento</b> (marcar cunha X): <b>Lugo</b> <b>Zona desfavorecida</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>Zona de montaña</b> <input type="checkbox"/>
<b>11.5.- Actividades dirixidas só a</b> (poñer si ou non): <p>A xornada é aberta a todo/a aquel interesado na temática do ovino e cabrún en Galicia (desde xoves mozos/as que se desexan incorporar a actividade agraria ata gandeiros en activo. Polo tanto calquera dos catro grupos que aparecen a continuación son susceptibles de poder asistir ás xornadas tendo en conta a temática abordada e os contidos formativos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- <b>Mozos/as agricultores (que non teñan cumpridos 41 anos)</b>    ___X___</li><li>- <b>Mulleres do medio rural (de máis de 41 anos)</b>    ___X___</li><li>- <b>Persoas que se incorporen ao sector primario maiores de 41 anos</b> ___X___</li><li>- <b>Agricultor/a activo/a</b>    ___X___</li></ul>